



PLAN DE CONTINXENCIA CONTRA O CORONAVIRUS

13 marzo 2020

INTRODUCION

A situación xerada pola aparición do Coronavirus COVID-19 esixe a adopción de medidas que unan a **PROTECCIÓN DA SAÚDE DA POBOACIÓN EN XERAL CO ADECUADO FUNCIONAMENTO DO COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA.**

Este documento ten como obxectivo **INFORMAR, PREVIR E MINIMIZAR A INCIDENCIA DO NOVO CORONAVIRUS** entre o equipo do Ceesg.

Con este fin establécense unha serie de medidas e recomendacións seguindo os criterios que en cada momento ditén as Autoridades Sanitarias nacionais e do ámbito da Comunidade Autónoma.

O obxectivo deste Plan é a de preservar a saúde das nosas traballadoras **GARANTINDO UN ENTORNO DE TRABALLO SEGURO E SAUDABLE**, así como a saúde daquelas persoas que poidan concorrer nos nosos centros de traballo coas nosas traballadoras, así como nos seus desprazamentos por motivos laborais, así como as relacións interpersoais da poboación en xeral.

As medidas que a continuación se van a expoñer serán modificadas e actualizadas en atención ás recomendacións e indicacións que no futuro sexan publicadas e adoptadas polas Autoridades Sanitarias no avance na propagación do Coronavirus.

UNIDADE DE SEGUIMENTO DO COVID-19

O Ceesg creou en data 13 de marzo de 2020 un **COMITÉ DE SEGUIMENTO** integrado por Laura Vilaboy Romero, Rocío Núñez Rúa, Belén Piñeiro Álvarez e M^a del Carmen Rey Couselo, co fin de establecer as medidas a adoptar no relativo ás continxencias que poidan xurdir a raíz do brote do COVID-19.

As principais funcións desta unidade de seguimento serán:

- Realizar un seguimento periódico da evolución do virus COVID-19 e das consecuencias que a mesma poida ter sobre as traballadoras e sobre as actividades do Colexio.
- Difundir entre traballadoras, persoas colaboradoras, usuarias/os e persoas colexiadas a información necesaria.
- Actualizar e revisar o contido do presente Plan conforme ás modificacións nas recomendacións e medidas a adoptar en relación co Coronavirus por parte das Autoridades Sanitarias e laborais.

QUE É O NOVO CORONAVIRUS SARS-CoV-2

Os Coronavirus son unha familia de virus que normalmente afectan só ós animais, aínda que en ocasións poden transmitirse ás persoas.

O SARS-CoV-2 é un novo tipo de Coronavirus detectado por primeira vez en decembro do 2019. Este novo virus pode afectar ás persoas e produce a enfermidade COVID-19.

COMO SE TRANSMITE O NOVO CORONAVIRUS

A transmisión prodúcese por **contacto estreito coas secrecións** respiratorias que se xeran coa tose e os espirros **dunha persoa enferma**.

Estas secrecións poderían infectar a outra persoa se entrasen en **contacto co seu nariz, os seus ollos ou a súa boca**.

É **pouco probable a transmisión polo aire** a distancias maiores de un ou dous metros.



SÍNTOMAS

TOSE

FEBRE

SENSACIÓN DE FALTA DE AIRE

O 80% dos casos presentan síntomas leves.

**Se estiveche nunha zona de risco
e presentas estos síntomas durante
os seguintes 14 días**



DEBES CHAMAR AOS SEGUENTES TELÉFONOS:

A Consellería de Sanidade pon a disposición dos cidadáns un teléfono gratuito para dar información xeral sobre o Coronavirus no número de telefono: **900 400 116**.

Asemade, a Xunta de Galicia sinala que persoas con sintomatoloxía como febre, tose, sensación de falta de aire ou que regresen de zonas de risco ou tivesen contacto con alguén que estivese en algún destes sitios debe chamar ao **061**.

RECOMENDACIÓNS XERAIS:

- **EVITAR OS DESPRAZAMENTOS E VIAXES** que non sexan estritamente necesarios, apelando á responsabilidade individual.
- As persoas que inicien síntomas respiratorios e/ou febre é recomendable que **PERMANEZAN NO SEU DOMICILIO** evitando acudir aos centros sanitarios e ao seu lugar de traballo, chamando os teléfonos arriba indicados.
- **EVITAR** situacións de **AGLOMERACIÓNS** en espazos pechados existindo limitacións ao respecto segundo a cabida. A Xunta de Galicia vén de limitar as concentracións en espazos pechados a 50 persoas e en casos de espazos de superficie superior limitar un terzo do aforo.

En espazos abertos a limitación é de 500 persoas.

- **EVITAR** acudir, na medida do posible, aos Centros de Saúde optando polos sistemas de **CONSULTAS TELEFÓNICAS**, tendo sempre presente os teléfonos anteriormente referidos en caso de presentar algunha sintomatoloxía propia do coronavirus.
- **EN RELACIÓN COS MENORES**



MEDIDAS ESPECÍFICAS DE PREVENCIÓN DO CONTAXIO

¿Qué hacer para protegerse del nuevo coronavirus y otros virus respiratorios?

 Lávate las manos con agua y jabón de manera frecuente. ES LA MEDIDA DE PROTECCIÓN MÁS IMPORTANTE.	 Evita tocarte los ojos, la nariz y la boca sin haberte lavado antes las manos.
 Al toser o estornudar, cúbrete la boca y la nariz con el codo flexionado o con un pañuelo desechable.	 Si se presentan síntomas respiratorios, evita el contacto cercano con otras personas. Guarda una distancia de al menos 1 metro.
 Evita hábitos sociales que puedan facilitar la transmisión del virus de persona a persona (besos, abrazos, apretón de manos etc.).	 Limita la asistencia a actos masivos (congresos, conciertos, ferias...) al máximo, haciendo uso en su lugar de canales de comunicación a distancia.

LAVARSE LAS MANOS

PARA PROTEGERSE Y PROTEGER A LOS DEMÁS

¿POR QUÉ?

La correcta higiene de manos es una medida esencial para la prevención de todas las infecciones, también las provocadas por el nuevo coronavirus



¿CUÁNDO DEBO LAVÁRMELAS?



Tras estornudar, toser o sonarse la nariz



Después del contacto con alguien que estornuda o tose



Después de usar el baño, el transporte público o tocar superficies sucias



Antes de comer

¿CÓMO DEBO LAVÁRMELAS?



Mójate las manos con agua y aplica suficiente jabón



Frótate las palmas de las manos entre sí



Frótate la palma de una mano contra el dorso de la otra entrelazando dedos



Frótate las palmas de las manos entre sí con los dedos entrelazados



Frótate el dorso de los dedos de una mano con la palma de la otra



Con un movimiento de rotación, frótate el pulgar atrapándolo con la palma de la otra mano



Frótate los dedos de una mano con la palma de la otra con movimientos de rotación



Enjuágate las manos con agua



Sécate las manos con una toalla de un solo uso





**Lava as mans
frecuentemente**




**Evita tocar os ollos,
o nariz e a boca, xa
que as mans facilitan
a súa transmisión**



**Ó toser ou estornudar,
cubre a boca e o nariz
co codo flexionado**



**Usa panos desechables
para eliminar secrecións
respiratorias e tírao tras
o seu uso**



**Se presentas síntomas
respiratorios evita o contacto
cercano con outras persoas**

É recomendable o uso de mascarillas?

A poboación xeral **NON PRECISA O USO DE MASCARILLAS**. Serán as/os profesionais sanitarias/os quen indiquen o seu uso naquelas situacións en que se considere necesario en cada caso.

Téñase en conta que o uso de mascarillas por si só non é suficiente para protexerse do Coronavirus. Serán precisas outras medidas de hixiene e profilaxe para unha protección efectiva.

O USO INADECUADO DE MASCARILLAS pode contribuír a un desabastecemento das mesmas, e que aquelas persoas que as precisen, tales como persoal sanitario e determinados grupos de risco non poidan dispoñer das mesmas.

MEDIDAS PREVENTIVAS NO CENTRO DE TRABAJO

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Extremarase o cumprimento dos deberes ordinarios da normativa de Prevención de Riscos Laborais implantada na entidade en aras de evitar, e no seu caso, minimizar, os contaxios polo Coronavirus de acordo co plan de PRL e a formación recibida.

RESTRICIÓN DAS VIAJES:

- Cancelar as viaxes innecesarias promovendo as comunicacións telefónicas ou por vía telemática.
- Seguindo as recomendacións das Autoridades Sanitarias se algunha das traballadoras viaxa ás zonas afectadas, pedirase á mesma que faga teletraballo, aínda que non presente síntomas.
- Se algunha traballadora viaxou de forma privada ó estranxeiro e en especial a algún dos países afectados deberá comunicalo ao Ceesg.

EVITAR REUNIÓNS PRESENCIAIS:

Evitaranse reunións con persoas usuarias do Ceesg de forma presencial, na medida do posible, fomentando a utilización de todos os medios telemáticos dos que dispoñemos.

TRABALLADORA CON SÍNTOMAS:

Ademais das recomendacións xerais, prégase que non acuda ao centro de traballo, que permaneza no seu domicilio e siga as instrucións realizadas polos facultativos sanitarios nos números de teléfono de atención **900 400 116** ou o **061**.

Como medida de prevención para o resto das compañeiras, prégase asemade que informe inmediatamente ao Ceesg, para adoptar as medidas pertinentes.

MEDIDAS A ADOPTAR POLO CEESG

- Extremar a limpeza e desinfección das instalacións e do equipamento titularidade do Ceesg.
- Facilitar na medida do posible, a colocación de dispensadores con xeles desinfectantes ou xabón en zonas de acceso das traballadoras así coma nos aseos e espazos comúns.
- Poñer a disposición das traballadoras, nas zonas comúns, na medida do posible, papel de un só uso.
- Incrementaranse o número de contedores e papeleiras na sede, así como o baleirado das mesmas cunha maior periodicidade.
- Restrinxir a atención persoal ao público, fomentando o uso das conversas e reunións telefónicas e/ou telemáticas.
- A atención ás persoas colexiadas tamén se realizará preferiblemente de forma telefónica ou telemática, evitando no posible acudir á sede colexial presencialmente.
- Establecemento dunha canle eficaz de comunicación interna que permita dar resposta a todas as dúbidas e situacións específicas que poidan xurdir no día a día: no correo electrónico ceesg@ceesg.org
- Permitirase excepcionalmente, a inxesta de bebidas non alcohólicas e alimentos no posto de traballo, pregando que se extremen as precaucións coas instalacións eléctricas.
- Informar a través das ferramentas de comunicación interna acerca das indicacións das Autoridades Sanitarias de forma actualizada mediante os correos electrónicos corporativos.
- Facilitar, na medida do posible, en atención ás necesidades das traballadoras, do Ceesg e do posto de traballo desempeñado, a conciliación no caso da paralización de centros educativos. Neste eido, acordouse que as traballadoras con crianzas teletraballen dende o seu domicilio.
- Suspensión temporal de xuntanzas presenciais. Poderán realizarse por vía telemática.
- Suspensión temporal das actividades e cursos programados. Suspensión temporal do servizo de biblioteca presencial. As persoas colexiadas que

precisen de material bibliográfico do Ceesg poden solicitalo e seralles enviado por correo postal.

- Suspensión temporal do servizo de préstamo das instalacións e recursos do Ceesg.